

Recuperación de materias pendentes do departamento de Lingua Galega: curso 2023-24

RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE NA ESO

Tal e como se recolle nas programacións dos distintos niveis académicos da materia (ESO), o seguimento do alumnado para a superación da materia pendente de cursos anteriores será desenvolvido durante o curso actual polo profesor/a de cada alumno/a.

Na recuperación da materia pendente teranse en conta os avances do alumnado, no curso académico actual, en relación a cada un dos bloques da asignatura. A recuperación da materia realizarase mediante as actividades pautadas polo profesorado de cada nivel. Ditas actividades deberán ser entregadas -físicamente ou, se fose o caso, na Aula Virtual- dentro do prazo establecido. Tamén se poderá solicitar, para a recuperación de determinadas partes da materia, a superación das probas escritas parciais de acordo co calendario establecido polo centro escolar. Aquel alumnado que non recupere a materia pendente polos medios referidos deberá afrontar e superar o exame final de recuperación que terá lugar no mes de maio.

1º EXAME: 14 de novembro (18:00 - 19:00)

2º EXAME: mes de febreiro

EXAME FINAL DE MATERIA PENDENTE: mes de maio

RECUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE EN BACHARELATO

A recuperación da materia de 1º de Bacharelato realizarase mediante a superación de dúas probas parciais que incluírán, cada unha delas, a metade da materia. En cada unha das probas parciais combinaranse temas de lingua (morfoloxía, sintaxe, léxico e sociolingüística) con temas referidos exclusivamente á literatura. O alumnado que non recupere a materia pendente polos medios

referidos deberá afrontar e superar o exame que a tal fin terá lugar durante o mes de maio.

1º EXAME: 13 de novembro (19:30 - 21:00)

TEMAS: 1-2-3-4-5-11-14-15-16-17.

2º EXAME: mes de febreiro

TEMAS: 6-7-8-9-10-18-19-20-21

EXAME FINAL: mes de maio